

NORMAS XERAIS PARA A CONVIVENCIA

Entradas e saídas

- O centro abrirá as súas portas ás 8:50h.
- Os profesores deberán estar no centro cando se abra a porta de entrada para os alumnos.
- Os alumnos deberán ser puntuais e estar nas aulas ás 9:00h.
- A última hora, os profesores baixarán cos alumnos ata a porta principal.
- As aulas deberán quedar recollidas e ordenadas ó final da mañá.

Control de faltas

- Todos os tutores deberán consignar semanalmente as faltas dos alumnos no XADE.
- Non se gardarán os xustificantes de falta en administración: cada tutor quedará con eles durante o curso correspondente.
- No caso de absentismo prolongado, deberá iniciarse o protocolo.

Documentos para profesores

- Os documentos que poidan necesitar os profesores quedarán colgados na páxina web para poder descargarse.

Faltas de puntualidade dos alumnos

- Os alumnos que cheguen tarde non poderán entrar na aula ata o comezo da clase seguinte.
- De non ser xustificadas estas faltas aplicarase o protocolo correspondente.

Móbiles

- O uso de móbiles queda prohibido para os alumnos durante a xornada escolar, salvo permiso expreso dun profesor. Se algún alumno usa o móvil, o profesor correspondente retirarallo e entregarallo ao tutor.

Baños

- Os alumnos deberán aproveitar os recreos para ir ó baño. Non deberán ir ó subir do patio, salvo casos excepcionais e co permiso do profesor.
- Os alumnos da ESO non poderán ir ó baño nin durante as clases nin durante o cambio de clase.

Faltas de conduta

- Calquera falta de conduta deberá ser posta en coñecemento do tutor, que informará ao xefe de estudos cando o considere necesario.
- As “expulsións” fóra da aula deben estar sempre vixiadas por un profesor/a. Os alumnos/as nunca deben estar sós.
- É imprescindible levar un control das incidencias.

NORMAS DE USO DE LUGARES COMÚNS

AULA DE PLÁSTICA E MÚSICA

- A organización do espazo será xestionado polos profesores que imparten ditas materias, e terán prioridade no seu uso. Na porta da clase haberá un cuadrante onde aparecerán sinaladas as horas de plástica e música. Agás as horas marcadas, calquera grupo poderá reservar o día e a hora para o uso da aula.
- A clase ten distribuídos os estantes entre primaria e secundaria , igual cas pizarras.
- Como material común están os vasos, pratos para mesturas e o punto de reciclaxe (debaixo do fregadeiro).
- Todo o material da clase será exclusivo dos profesores que imparten as materias.
- Non quedará material particular do alumno, nin material doutras materias. Entendemos por material particular do alumno: pinturas , lapis de cores, pegamento, cadernos de traballo, frautas, libro de música, etc).
- Haberá un espazo reservado para primaria e secundaria para aqueles traballos da materia que precisen secado.

OUTRAS NORMAS

- Respectade o horario, sede puntuais nas saídas.
- A última hora, revisade as fiestras e deixádeas pechadas.
- Deixade o equipo de música apagado. Igual cas luces.
- OLLO os horarios de primaria e secundaria desaxústanse despois do primeiro recreo.
- As pizarras son de uso da materia, non borredes se hai algo escrito nelas.
- Hai xornais no punto de reciclaxe a disposición de todo o mundo (debaixo do fregadeiro).
- A chave estará a disposición de quien o necesite na sala de profesores , rógase devolver ao acabar.
- A clase ten que quedar limpa e ordenada cando remate cada sesión. (chan sen papeis, mesas ordenadas, cadeiras recollidas e encimera limpa).
- Deixaremos recollidos os vasos e pratos de mesturas no sitio que lle corresponde, nunca enriba da encimera nin no fregadeiro.
- Limpade o fregadeiro de restos de pinturas.

AULA INFORMÁTICA

- Anotádevos na folla que hai na porta.
- Non baixedes a pantalla dos ordenadores.
- Apagádeos desde o sistema operativo.
- Se algo non funciona, avisade ó coordinador.
- Non dejedes información persoal (informes de alumnos, etc.) nos ordenadores.
- Procurade eliminar os documentos e levalos nun pendrive.
- A aula debe quedar ordenada e os ordenadores apagados.
- Se algún alumno estraga algo por mal uso, informade ó coordinador.

AULA “USOS MÚLTIPLES”

- Para emplegar esta aula deberedes anotarvos previamente na plantilla situada na porta de entrada.
- Só terán preferencia de uso as actividades externas, é dicir, aquellas charlas, cursos, etc. solicitadas polo Centro.
- Non debemos ocupar o ordenador con “material persoal”. Cada certo tempo iremos limpando e baleirando o ordenador.
- O ordenador e o proxector deben quedar apagados.
- A aula debe quedar sempre ordenada e coas persianas e ventás pechadas.

AULA ENCERADO DIXITAL.

- A aula empregarase con carácter preferente para as seguintes materias: Relixión, valores, science (Educación Primaria). Unha vez realizado o horario destas materias poremos unha plantilla na porta coas horas que quedan libres. Aqueles profesores/as que o desexen deberán reservar a aula previamente.
- Dado que imos utilizar a aula ditintos grupos tentade non “personalizar a aula”, é dicir, se facedes cambios de mobiliario porque o necesidades lembraide deixar todo como estaba.

O XIMNASIO

- Os profesores de Educación Física deben deixar recollido todo o material. Ninguén terá a acceso a dito material sen permiso dos mesmos. Eles serán os responsables de dito material.
- Nas clases de Educación Física todos os alumnos deberán levar a equipación deportiva correspondente. Os profesores da materia serán os encargados de vixiar que esta norma se cumpla.
- Todo profesor/a que leve a cabo calquera outra actividade fóra no ximnasio deberá deixalo ordenado e recollido.

PATIO

- Os alumnos deben estar sempre acompañados por un profesor/a.
- Cada profesor deberá baixar cos alumnos ó recreo e subilos en fila e orde unha vez rematado este.
- Se algún profesor non pode baixar co seu curso a un recreo, encargará a outro que o faga.
- Os alumnos, salvo permiso dos profesores e con causa xustificada, non poderán quedar nas clases durante os recreos nin subir a elas. Deberán estar acompañados sempre.
- O patio deberá quedar limpo e calquera alumno que tire algo e sexa visto por un profesor deberá recoller todo o que haxa no patio.
- Os profesores de garda no recreo deberán controlar quen vai ó baño e vixiar **todas as zonas do patio**.